

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CULLEREDO

Secretaría Xeral

Aprobación definitiva do Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS)

ANUNCIO DE APROBACIÓN DEFINITIVA

O Pleno do Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 29 de agosto de 2013, aprobou inicialmente o Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS). Transcorridos os prazos sinalados nos artigos 49 b) e 65.2 da vixente Lei 7/85, sen presentarse alegación ou requirimento algún, enténdese definitivamente aprobado o texto que se publica como Anexo e que entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, en cumprimento do disposto no art. 70.2 da vixente Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

A N E X O

REGULAMENTO DE ACCESO AS PRESTACIÓNS ECONÓMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA PARA A INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os servizos sociais comunitarios teñen como misión ,dunha banda, proporcionar atención económica inmediata as persoas e/ou familias que atravesan de forma circunstancial e temporal situacións carenciais derivadas da imposible cobertura das súas necesidades básicas, e doutra banda apoiar a intervención do equipo profesional municipal de servizos sociais con persoas e/ou familias en risco de exclusión social.

Desde a Área técnica de Benestar social do Concello de Culleredo, véñense articulando desde 1989 con distintas e sucesivas fórmulas unha serie de recursos económicos directos para estas situacións que complementaran aos das outras administracións públicas tamén competentes na materia sempre tentando mellorar , sobre todo , a inmediatez nas respostas as necesidades presentadas e á adaptación eficaz ante as novas demandas dunha problemática social cada día mais cambiante.

A proximidade da administración local coa cidadanía obriga aos servizos sociais comunitarios a estar atenta a estes cambios para resolver tanto as carencias xá existentes fronte as necesidades básicas das persoas que, as mais das veces, é necesario cubrir de forma urxente; como para previr riscos de exclusión social evitando chegar a aquelas.

Entre estes cambios sociais cabe sinalar os novos colectivos obxecto de exclusión social que xorden do fenómeno da inmigración na última década, e das as consecuencias da última , longa e profunda crise económica que aínda vive o país con grandes e graves cambios nos últimos anos no eido do emprego que deixan cifras de paro numérico , e ao tempo confluyente nun mesmo fogar , nunca vistas na nosa comunidade, enormes dificultades das persoas no acceso e mantemento da vivenda. Doutra banda as novas formas de convivencia , e o acceso da muller ao mundo laboral sen acompañarse da incorporación plena dos homes aos cuidados familiares teñen variado moito as redes de apoio familiar. O incremento continuo da esperanza de vida e o descenso da natalidade , son feitos que afectan tamén á poboación de forma moi significativa multiplicando e intensificando a vulnerabilidade social actual estendéndoa a persoas que nunca pensaron chegar a ela conformando unha nova precariedade, unha nova pobreza.

No marco legislativo xeral e no específico dos servizos sociais, existen numerosas referencias que confiren aos concellos a potestade para establecer e regular este tipo de recursos; entre outros a Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local que no seu artigo 25.2.k) establece que o municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas en materia de prestación de servizos sociais e promoción e reinserción local. Nos mesmos termos se expresa a Lei de Administración local de Galicia de 1997 no seu artigo 80.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, atribúe aos concellos, entre outras, a competencia para a creación, xestión e o mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos e específicos.

No BOP nº 56 de 23 de marzo de 2011 publicábase un Regulamento municipal de acceso as prestacións económicas para situacións de emerxencia ou urxente necesidade social que polos argumentos da situación social anteriormente

expostos e tralo uso durante dous anos do mesmo ten amosado ser un instrumento insuficiente para a resolución de casos que requiren de mais eficacia e flexibilidade na resposta.

Ademais , a nivel normativo os servizos sociais municipais teñen desde, 2012 , a obriga de adaptarse ao novo Decreto 99/20212 de 16 de marzo polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e os eu financiamento, fundamentando as axudas económicas que alí se regulaban a esta nova norma que afonda na fundamentación das mesmas non só nas situacións de emerxencia senón tamén na promoción da inserción social das persoas e familias beneficiadas.

Este Decreto contempla no seu artigo 9 como Programa Básico de Servizos Sociais o Programa de Inserción social que “ procure valorar , dar resposta ou derivar ao recurso idóneo as persoas en situación de risco de exclusión social, aplicando tanto proxectos de intervención persoalizados ou de grupo como prestacións económicas específicas.” O artigo 23 b) especifica mais dicindo que os Servizos Sociais Comunitarios Básicos “participarán , dacordo coa normativa de aplicación, no procedemento de asignación de prestacións económicas de inclusión social , orientadas a satisfacer as necesidades pecuniarias básicas e a estimular a incorporación social e laboral”.O cambio na denominación do nome das axudas aquí reguladas atopa a súa razón de ser na inclusión delas

Doutra banda, en desenvolvemento da regulación establecida na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello aprobou a Ordenanza xeral de subvencións municipais, (BOP N° 219, DO 9/10/2009) no seu artigo 19.d), establece que poderán concederse directamente subvencións que teñan por obxecto socorrer estados de necesidade imprevistos de veciños do municipio, que non poidan ser atendidos por outros medios, no importe estritamente necesario para cumprir ese fin.

Ao abeiro destes preceptos e fundamentos , dítase este novo regulamento, que se estrutura en 27 artigos, distribuídos en catro capítulos, unha disposición derogatoria e unha disposición final.

No Capítulo I regúlanse as disposicións xerais definindo o obxecto, características das axudas, requisitos xerais a cumprir polas persoas beneficiarias, a determinación dos ingresos das persoas ou unidades de convivencia , os criterios de prioridade para a súa concesión e importe máximo das axudas a percibir.

O Capítulo II especifica os distintos tipos de necesidades previstas detallando as contías e duración de cada unha das axudas, así como os requisitos específicos beneficiarse de cada unha delas.

No Capítulo III regúlase o procedemento para a súa tramitación administrativa e o prazo máximo para resolvelo; establécese un modelo de solicitude ; detállase a documentación que debe acompañala e atribúelle a competencia para resolver á Concellaría delegada da Área de Benestar e Muller e se nomea unha instrutora técnica do procedemento.

O Capítulo IV regula o pagamento da subvención, as obrigas das persoas beneficiarias como receptoras de subvención pública e a publicidade dos datos atendendo as prescricións que establece a Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

CAPÍTULO I

DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1.- Obxecto.

É obxecto deste regulamento o desenvolvemento dun conxunto de prestacións dirixidas a paliar situacións carenciais graves que afecten ás necesidades básicas das persoas residentes e empadroadas no Concello de Culleredo.

Artigo 2.- Definición.

Considéranse axudas de apoio a familias de Culleredo ou de emerxencia social, as axudas de natureza económica, en todo caso subsidiarias e, no seu caso, complementarias de calquera prestación pública que puidera corresponder, destinadas a aquelas persoas residentes e empadroadas en Culleredo e, no seu caso, aos membros da súa unidade de convivencia, que estean en situación de recursos insuficientes para facer fronte a gastos específicos para atender necesidades básicas, ou que teñan como finalidade paliar ou evitar de xeito inmediato situacións de exclusión social.

Artigo 3.- Características.

1. Estas axudas teñen carácter finalista polo que se destinarán exclusivamente á finalidade para a que foron concedidas.

2. Teñen o carácter de subvención directa.

3. Son transitorias e non periódicas.

4. A concesión anual destas prestacións está suxeita á existencia de crédito orzamentario municipal destinado a este fin.

5. Terán ademais un límite de crédito anual por persoa ou unidade de convivencia solicitante.

Artigo 4.- Persoas beneficiarias.

1. Terán a consideración de persoas beneficiarias aquelas persoas ou unidades familiares que se atopen nunha situación de precariedade económica tal que dificulte ou imposibilite a cobertura dalgunha das súas necesidades básicas que cómpre cubrir de xeito urxente e/ou en todo caso imprescindiblemente no menor tempo posible.

2. Considérase unidade de convivencia a todas aquelas persoas que convivan nun mesmo domicilio e que manteñan lazos vinculantes de relación familiar. Non poderán ser beneficiarias de ningunha das prestacións aquí reguladas dúas persoas da mesma unidade de convivencia ao longo do mesmo exercizo económico.

3. No caso de que convivan máis dunha unidade de convivencia no mesmo fogar será a traballadora social referente e instructora do caso quen estableza no seu informe social qué persoas, das empadroadas ou residentes no domicilio, teñen a consideración de unidade de convivencia independente.

4. Non poderán ser beneficiarios destas axudas unha persoa individual nin, no seu caso, calquera dos membros da súa unidade convivencial cando:

a) Foran propietarios ou usufrutuarios de bens mobles ou inmobles con características, valoración, posibilidade de venda ou calquera outro xeito de explotación que indiquen, de xeito notorio e fundamentado no informe social da profesional instructora, a existencia de medios materiais suficientes para atender os gastos obxecto de cobertura deste regulamento. O informe social tras o análise dos signos externos expostos nos parágrafos anteriores, terá presunción de certeza salvo proba en contrario, e nel constarán de xeito detallado as consideracións nas que se fundamenta a súa valoración.

Queda excluída do establecido no parágrafo anterior, a vivenda habitual que constituía o fogar de convivencia e non teña carácter suntuario.

b) As persoas que teñan familiares obrigados a prestar alimentos, en virtude do previsto no Título VI do Libro I do Código Civil: conxugue, pais, fillos/as por consanguinidade ou uterinos e irmáns.

Non obstante, considérase que non teñen obriga de prestar alimentos:

a) Os parentes que, en atención ás circunstancias socioeconómicas concorrentes, non poidan facer fronte ou atender ás necesidades da unidade familiar solicitante sen desatender as súas propias ou as dos familiares ao seu cargo.

b) Cando non exista relación cos mesmos ou de existir que está sexa conflitiva.

Artigo 5.- Requisitos xerais.

Os requisitos xerais para ter dereito ás axudas establecidas neste regulamento son os seguintes:

1. Ter residencia efectiva e estar de alta no Padrón municipal do Concello de Culleredo cunha antigüidade mínima de catro meses.

Exceptúanse da obriga de antigüidade no empadramento os seguintes casos:

a) As vítimas de violencia doméstica ou de xénero con esta situación debidamente acreditada que cambien o seu domicilio por esta razón.

b) Persoas en situación de necesidade extrema sobrevida con valoración e informe social da profesional instructora dos servizos sociais municipais.

c) Persoas extranxeiras refuxiados ou con solicitude de asilo en trámite, sempre que teñan autorizada a súa estancia por razóns humanitarias e que cumpran o resto dos requisitos para solicitar estas axudas.

2. Acreditar a situación de necesidade mediante a presentación da documentación que se sinala no artigo 17 deste regulamento ou a que sexa recabada polos servizos sociais municipais. Considerarase que non se dispón de ingresos suficientes para atender as necesidades expostas neste regulamento, cando a persoa individual non dispoña de ingresos mensuais por calquera concepto, superiores ao importe vixente para o IPREM en cada momento.

Se a unidade familiar está integrada por máis dun membro, a renda neta calcularase incrementándoa nun 25% por cada un dos membros adicionais da unidade familiar.

3. Todos os membros da unidade de convivencia que se atopen en idade legal de traballar, deben estar inscritos como demandantes de emprego nas oficinas do Servizo Público de Emprego, excepto aqueles que acrediten estar matriculados nun centro educativo regulamentado.

4. As axudas a conceder deberán estar sempre incardinadas nun proceso de intervención sociofamiliar e se poderán tramitar condicionando a súa concesión, se fora o caso, ao cumprimento dos obxectivos propostos no proxecto de intervención persoal ou familiar acordado coas persoas beneficiarias.

5. Queda exceptuado como requisito establecido pola Ley general de subvenciones 38/2003 e pola Lei de subvencions de Galicia 9/2007a acreditación polo suxeito proposto como beneficiario de estar ao corrente da súas obrigacións tributarias e fronte a Seguridade social.

No caso de que unha persoa ou unidade familiar non reuna todos os requisitos estipulados por este regulamento pero se atope nunha situación socioeconómica de intensa gravidade fundamentada no informe social da instructora quen considera imprescindible a concesión da axuda solicitada, ésta poderá resolverse favorablemente sempre que o informe social leve a sinatura de conformidade da propia instructora, doutra traballadora social do Servizo de Atención e Educación Familiar (SEDAF) e da xefa de sección responsable do servizo ou da xefa de servizo de Benestar social.

Artigo 6.-Determinación de ingresos .

1) Para a determinación dos ingresos da persoa e ou da unidade de convivencia, terase en conta o seguinte:

- a. Ingresos de traballo por conta allea : salarios, pensións, subsidios de carácter periódico.
- b. Ingresos de traballo por conta propia .
- c. Ingresos procedentes de capital mobiliario e inmobiliario (valores mobiliarios e activos financeiros en xeral, tanto de renda variable como fixa, así como os obtidos pola titularidade de todo tipo de contas en institucións financeiras.

No capital inmobiliario computaranse particularmente os rendementos obtidos por alugamentos, traspasos ou cesións, tanto de bens rústicos como urbanos.

d. Outros ingresos que puideran existir non incluídos nos apartados anteriores.

2) Son gastos deducibles os gastos realizados con ocasión de enfermidade grave sempre que se xustifique que foron aboados por membros da unidade de convivencia e non foron nin serán reembolsados posteriormente por parte de entidades públicas ou mutualidades. Deduciranse na súa totalidade do cómputo xeral.

Artigo 7.- Criterios de prioridade na concesión.

Logo da comprobación da súa manifesta necesidade, e en igualdade de condicións fronte a situacións de escaseza de crédito orzamentario ,utilizaranse os seguintes criterios na priorización da concesión:

1. As familias con menores ou persoas con discapacidade e /ou dependencia recoñecida ao seu cargo terán prioridade.
2. As situacións sociofamiliares nas que a concesión da prestación solicitada resolva definitivamente a necesidade presentada, sempre que non exista outra axuda pública que poda acadar o mesmo resultado.

Artigo 8.- Importe máximo das axudas.

En ningún caso a cantidade percibida nun ano pola unidade familiar beneficiaria das axudas comprendidas neste regulamento, poderá superar na súa totalidade en dúas veces o IPREM mensual vixente.

CAPÍTULO II

TIPOS DE NECESIDADES E CONTÍAS DAS AXUDAS.

Artigo 9.- Tipos de necesidades.

Os tipos de necesidades ás que se poderán destinar as axudas previstas, así como os criterios a ter en conta para determinar a contía da axuda económica a conceder que, en ningún caso superará o límite que establece o artigo 8 deste regulamento, son as seguintes:

1. Gastos derivados das necesidades básicas da vivenda habitual, tales como: alugamento, hipoteca ou recibos de subministración , ou reparacións básicas urxentes da vivenda .
2. Gastos de aloxamento alternativo temporal
3. Gastos de alimentación
4. Gastos de farmacia, próteses, orteses, probas e tratamentos médicos ou psicolóxicos e axudas técnicas
5. Gastos apoio á conciliación familiar e laboral
6. Gastos de transporte
7. Calquera outro gasto que non estando recollido nos apartados anteriores que a técnica instructora considere, motivándoo no seu informe, que resulta imprescindible para a atención inmediata dunha situación carencial urxente de cara a cubrir e garantir uns mínimos de subsistencia persoal , ou ben necesaria para o éxito do proxecto de intervención sociofamiliar que se está a traballar cunha determinada persoa ou familia en risco de exclusión social.

Artigo 10.- Axudas para “necesidades básicas da vivenda.”

Enténdese por necesidades básicas da vivenda, o mantemento da vivenda habitual, que comprende axudas para o pago de alugamento, pagamento de fianza ou primeira mensualidade, hipoteca e os recibos de subministración de auga, luz, gas e comunidade de veciños así como reparacións urxentes da vivenda que impidan a habitabilidade da mesma ou adaptación funcional do fogar.

O solicitante dunha axuda para reparacións urxentes da vivenda que impidan a habitabilidade da mesma ten que ser propietario da vivenda para a que solicita a axuda. Neste concepto incluíranse unicamente as necesidades de adaptación mínima que afecten á estrutura da vivenda, así como á instalación de servizos hixiénicos sanitarios, ou adaptacións funcionais do fogar debidamente acreditadas a súa necesidade e urxencia.

A cantidade máxima subvencionada en concepto mensual de alugueiro ou hipoteca non poderá ser superior a 400€.

Artigo 11.- Gastos de “aloxamento alternativo temporal “

Cobertura de gastos de aloxamento temporal ante emerxencias ou sinistros como incendios, desafiuzamentos, ruína ou por situacións de problemática convivencial , de saúde ou de risco social.

Para ser beneficiario dunha axuda para aloxamento temporal nun centro residencial privado, ademais dos requisitos xerais recollidos no artigo 5 deste regulamento, deben cumprirse os seguintes:é necesario:

a. Manifestar un deterioro físico e/ou psíquico, acreditado con certificado médico do sistema público de saúde, no que se especifique que require dunha atención ou coidados específicos, temporais ou permanentes.

b. Que os coidados ou atención requirida non poidan ser prestados pola familia obrigada a isto, de conformidade co sinalado no Código Civil. Para este suposto de que a familia non poida prestar a axuda obrigada, por condicións de idade, estado físico, graves cargas familiares ou carencia de recursos, deberán acreditarse estas circunstancias con certificado médico ou declaración de ingresos ou bens, ou calquera outra documentación que deixe constancia fidedigna destes extremos.

c. Que os recursos sociais existentes non solventen a situación.

d. Ter solicitado o ingreso nos centros públicos existentes.

Artigo 12.- Gastos de Alimentación.

Os bonos de alimentos e de hixiene persoal e do fogar son unha prestación en especie na que as persoas beneficiarias reciben un lote de produtos, destinados a apoiar a cobertura das necesidades básicas de alimentación e hixiene naquelas familias que, pola súa precaria situación económica, teñan especiais dificultades en garantilas.

Os bonos de alimentos clasificaranse nas modalidades que a continuación se relacionan, dependendo do número de persoas que integran a unidade familiar:

a) Bono A: dirixido a unidades familiares de un membro.

b) Bono B: dirixido a aquelas unidades familiares de dos a tres membros.

c) Bono C: dirixidos a aquelas unidades familiares de catro a seis membros.

d) Bono D: dirixidos a aquelas unidades de máis de seis membros.

e) Bono lactantes: dirixidos a aquelas unidades familiares que teñan menores ao seu cargo con idades comprendidas entre 0 e 3 anos ou ben, menores que pola súa enfermidade precisen dalgún dos produtos que contén este bono de alimentación e hixiene.

f) Bono hixiene: contén produtos básicos de hixiene persoal e limpeza e se dividen en dúas tipoloxías.

– Bono hixiene A: dirixido a aquelas unidades familiares de un a tres membros.

– Bono hixiene B: dirixido a aquelas unidades familiares de máis de catro membros.

Os bonos “A” , “B” ,”C” e “D” poderán ser acumulados aos de hixiene e lactantes.

Entregaranse segundo o reparto asignado polo técnico dos servizos sociais municipais, de acordo cunha distribución racional das necesidades alimenticias das familias e o número de membros da unidade familiar.

O contido de cada un dos distintos bonos será pechado. O seu contido recóllese nos anexos correspondentes.

Artigo 13 - Gastos de Farmacia , próteses, orteses, probas e tratamentos médicos ou psicolóxicos e axudas técnicas ”.

Consiste na subvención, por parte do Concello de Culleredo, á persoa solicitante e/ ou outros membros da unidade de convivencia, do importe que lle corresponde asumir á persoa solicitante no custo das medicacións, próteses, orteses, probas, tratamentos ou axudas técnicas .

Nos casos de medicación ,as familias que teñan en trámite a tarxeta sanitaria ou carezan dela poderá aboárselles a totalidade do importe da receta ata que se solucione a situación.

Os gastos a cubrir terán que ser debidamente xustificadas e motivadas por informes profesionais solventes.

Artigo. 14 - Gastos apoio á conciliación familiar e laboral.

Este servizo prestarase a familias nas que, por concorrer unha situación inesperada e carecer dunha rede familiar, precisen dun apoio temporal para o coidado dos seus fillos e fillas para poder asistir ao seu traballo, formación, tratamento médico ou para garantir a cobertura de necesidades básicas.

Ademais dos requisitos xerais sinalados no artigo 5 deste regulamento, o beneficiario desta axuda:

1. Acreditación da situación que orixina a petición da axuda.
2. O período máximo desta axuda será de catro meses, poderase prorrogar excepcionalmente en casos moi puntuais e debidamente acreditados e xustificados , tanto documental como tecnicamente .

Artigo . 15 – Gastos de transporte”.

Son axudas que permiten viaxar no transporte público. Excepcionalmente poderanse entregar vales de carburante para o automóbil particular.

Serán utilizados para garantir que o usuario poida desprazarse a Centros de tratamento, estudos ou formación , emprego ou para garantir a cobertura de necesidades básicas.

Ademais dos requisitos xerais sinalados no artigo 5 deste regulamento, deberán cumprirse os seguintes requisitos específicos:

1. Acreditar a necesidade de desprazamento por razóns laborais, centros de tratamento ,de formación ou cobertura das necesidades básicas.

Artigo . 16 – Outros Gastos

Este apartado recolle calquera outros gastos destinados a cubrir , con carácter urxente, necesidades primarias e outras de natureza análoga , non cubertas polos diferentes sistemas de protección social que a técnica instructora considere oportuno , en virtude da gravidade da situación socioeconómica e familiar reflectida no informesocial que deberá levar a sinatura de conformidade da propia instructora , doutra traballadora social do Servizo de Atención e Educación Familiar (SEDAF) e da xefa de sección responsable do servizo ou da xefa de servizo de Benestar social .

CAPÍTULO III

PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

Artigo 17- Solicitud

1. O procedemento iniciarase, en todo caso, por solicitude da persoa interesada.
2. A solicitude, dirixida ao Sr. Alcalde-presidente da Corporación, formularase en modelo normalizado e deberá presentarse no Rexistro xeral do Concello, ou conforme ao disposto no art. 38.4 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.
3. Poderán realizar esta solicitude as persoas físicas que reúnan os requisitos xerais contemplados no Capítulo I deste regulamento.
4. A solicitude, debidamente cumprimentada, deberá ser asinada pola persoa solicitante ou, no seu caso, polo seu representante legal ou gardador de feito.
5. Xunto coa solicitude achegarse a documentación acreditativa á que se fai referencia no artigo seguinte que acredite os requisitos específicos de cada unha das axudas contempladas neste regulamento e aporte datos suficientes para a valoración da situación socioeconómica da unidade de convivencia.
6. A persoa interesada asinará autorización e consentimento para obter os documentos que obren na Administración, así coma a información adicional que se considere necesaria para completar o expediente, dirixíndose aos órganos públicos ou privados competentes , ou a través dos medios previstos na Lei 30/92 , de 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 18- Documentación.

Documentación acreditativa dos requisitos a aportar pola persoa solicitante xunto a solicitude

- DNI, permiso de residencia ou pasaporte do solicitante e, no seu caso, de todos os membros da unidade familiar.

- Volante de convivencia.
- Libro de Familia ou documento análogo, no suposto de non telo, que acredite o requisito esixido para optar á axuda que se solicite.
- Declaración xurada da situación de familiares obrigados a prestar alimentos (pais, fillos e irmáns).
- Documentación xustificativa da situación de emprego e económica de todos os membros > 16 anos da unidade familiar:
 - Se están en situación de desemprego e non acreditan documentalmente unha situación das contempladas como excepción a este punto neste regulamento:
 - Tarxeta de demanda de emprego
 - Certificado do Servizo Público de Emprego no que se recolla se percibe ou non prestación ou subsidio de desemprego e a súa contía
 - Se realizan algunha actividade laboral sen asegurar, deberá achegar unha declaración responsable dos ingresos que perciben mensualmente por esta actividade.
 - Se están ou estiveron en activo nos últimos seis meses, deberá presentar as nóminas xustificativas dos ingresos percibidos nese período.
 - Copia, se a teñen feita, da declaración do IRPF do último exercicio ou certificación negativa da Axencia Tributaria de non estaren obrigados a presentala.
 - Certificado expedido polo órgano competente da seguridade social que corresponda, sobre percepción ou non, de pensión e a súa contía.

A documentación que este en poder do Concello se incorporará de oficio ó expediente.

Artigo .19- Resolución e mellora da solicitude:

1. Unha vez rexistrada a solicitude, o funcionario/a instrutor/a procederá a revisar a documentación recibida. Se a solicitude non reúne todos os datos e documentos aludidos anteriormente, requirirase á persoa interesada para que, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/92, do 26 de novembro, no prazo de 10 días, enmende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que se non o fai, se lle terá por desistido da súa petición, logo de resolución ditada para o efecto, nos termos que se establecen no artigo 42 da precitada lei.
2. O órgano competente poderá recabar do solicitante a modificación ou mellora voluntaria dos termos daquela.

Artigo 20- Instrución.

1. A instrución do expediente corresponderá á traballadora social responsable de cada unidade de traballo social, que poderá recabar a documentación complementaria dos solicitantes así como a comprobación de datos o aclaracións de dúbidas da documentación que obra no expediente, sempre que o considere oportuno para a correcta instrución do procedemento.
2. O expediente incorporará o informe social no que se recollan as circunstancias socio-familiares e económicas da unidade familiar, a situación de necesidade ou calquera outro dato que se considere de interese. O informe recollerá todos os extremos indicados, sen prexuízo de engadir aqueles extremos da valoración que a xuízo da informante se consideren pertinentes.
3. Unha vez que remate a tramitación do procedemento o/a instrutor/a formulará proposta de resolución que se elevará ao órgano competente para resolver.
4. En calquera momento do período temporal para a que foi concedida a axuda o órgano competente poderá proceder a revisión e modificación da concesión da mesma, despois da solicitude documental oportuna sempre que teña indicios de cambio na situación socio económica familiar que poida afectar a resolución emitida.

Artigo 21.-Causas de denegación ou extinción da axuda.

1. Son causas de denegación da solicitude de axuda:
 - a) Non reunir os requisitos esixidos neste regulamento.
 - b) Ter familiares obrigados a prestar alimentos, en virtude do previsto no Título I do Código Civil.
 - c) Non ter cumpridas outras obrigas derivadas de calquera programa ou prestación da Área de Benestar Social, con indicación expresa da mesma, tendo presunción de certeza o expresado polos técnicos sociais informantes no procedemento, salvo proba en contrario.

d) Calquera outra que non estando recollida nos apartados anteriores a instrutora considere, motivándoo no seu informe.

2. Son causas de extinción da axuda:

- a) Falecemento
- b) Perda dalgún requisito
- c) Cambio de residencia
- d) Incumprimento de obrigas.
- e) Ocultamento ou falseamento de datos

Artigo -22- Resolución e notificación.

1. O Alcalde ou concelleiro/a Delegado/a é o órgano competente para resolver sobre as solicitudes presentadas que, á vista dos informes e propostas emitidos, ditará resolución motivada, incluíndo os contidos do artigo 89 da Lei 30/92.

2. A resolución conterá expresión concreta sobre á forma de pago e expresión de condicións a cumprir, no seu caso.

3. O prazo máximo para resolver e notificar á persoa interesada, será de tres mes, desde a data en que a solicitude se rexistrara de entrada no Concello. Non tendo ditada resolución expresa no prazo indicado, a solicitude entenderase desestimada.

Artigo -23- Procedemento abreviado.

Contemplanse a posibilidade dun procedemento administrativo abreviado para casos excepcionais que precisen unha resposta inmediata.

De forma tamén excepcional, ante situacións de emerxencia ou urxente necesidade, o expediente se resolverá no prazo máximo de 48 horas, sen máis requisitos que a aportación dos documentos acreditativos de dita situación e o informe social que xustifique a urxencia .

CAPÍTULO IV

PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN E OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.

Artigo .- 24- Aboamento da axuda económica.

A Área de Economía e a Intervención municipal axilizarán ao máximo os procedementos necesarios para o aboamento destas axudas de emerxencia. O persoal técnico da Área de Benestar Social, con fundamento en casos particulares e debidamente razoados, poderá propoñer alternativas de pago que constarán no seu informe.

Artigo.- 25- Obrigas dos beneficiarios das axudas.

Constitúen obrigas dos beneficiarios destas axudas as seguintes:

1. Destinar as cantidades recibidas á finalidade para que foron solicitadas, debendo presentar, no seu caso, no prazo máximo de tres meses, xustificante ou factura de ter realizado o pago para o que fora concedida a axuda polo importe total da mesma.

2. Comunicar á Área de Benestar Social do Concello, no prazo de 15 días, as variacións substanciais que se dean na súa situación laboral, económica, composición familiar e calquera outra que poida supoñer un cambio na valoración inicial que deu lugar á concesión da axuda.

3. Facilitar o seguimento da súa situación ao persoal técnico da Área de Servizos Sociais do Concello, así como seguir as súas indicacións para beneficiarse da utilización dos bonos ou axudas, no caso de que esixan un procedemento particular para a súa aplicación.

4. Os beneficiarios de axudas ou, no seu caso, os seus representantes legais, deberán proceder ao reintegro das axudas concedidas en caso de incumprimento das obrigas que se establecen neste artigo.

Artigo.- 26 – Reintegro e Réxime Sancionador.

A falsidade ou ocultación de datos ou documentos achegados polas persoas beneficiarias da axuda, así como a non xustificación total ou parcial da mesma, ou destinada a un fin distinto para a que foi concedida, implicará o impedimento de solicitar unha nova axuda por un período dun ano, ou coas normas de aplicación baseadas na lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeneral de subvencións e na lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de que a persoa beneficiaria non teña xustificado o bo uso da axuda dará lugar à obriga de reintegrar a cantidade non xustificada o concello deberá tomar as medidas necesarias e, principalmente, denegar calquera outra subvención

Artigo .- 27- Publicidade e incorporación ao Rexistro municipal de subvencións.

1. Das resolucións de concesión destas axudas darase conta ao Rexistro municipal de subvencións, que incorporará os datos considerando o disposto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal.

2. Nos modelos normalizados empregados no procedemento, incluírase a información a que fai referencia o artigo 5 da precitada Lei , relativos ao seu dereito a ser informados da incorporación e tratamento dos seus datos persoais, así como, no seu caso, o consentimento expreso para realizar o mesmo.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

Á entrada en vigor do presente Regulamento queda derogado o Regulamento municipal de acceso as prestacións económicas para situacións de emerxencia ou urxente necesidade social publicado no BOP nº 56 de 23 de marzo de 2011

DISPOSICIÓN FINAL.

O presente regulamento entrará en vigor, ao día seguinte da data da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia.”

Culleredo, 12 de decembro de 2013.

O Alcalde,

Asdo: Julio Sacristán de Diego.

2013/15764